

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A XUNTA DE CONFRARÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2024

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro e con ABANCA Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e a Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, para o apoio á celebración da Semana Santa de Viveiro 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- Que a Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización da Semana Santa de Viveiro.

Cuarto.- A Semana Santa de Viveiro está considerada como unha das máis fermosas de toda Galicia e destaca polo grande valor histórico e artístico da súas imaxes. É ademais unha das celebracións relixiosas máis antigas da comunidade autónoma xa que se celebra de xeito ininterrompido dende o século XIII. No ano 1988 acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e **no ano 2013 a de Festa de Interese Turístico Internacional.**

O casco histórico de Viveiro volverá a ser escenario da paixón e resurrección do Señor. As rúas e prazas de Viveiro volverán a revivir a Xerusalén dos tempos de Cristo.

Antes do comezo da Semana Santa en si, realizarase un amplo programa con numerosas actividades, dende os previstos no programa Adral (durante a Coresma) ata os propios da Semana de Paixón, que terán lugar, entre outros, nas igrexas de San Francisco, Santa María do Campo e das MM Concepcionistas, así como no Teatro Pastor Díaz ou na sala multiusos do Concello. Conferencias, exposicións, actos musicais ou a presentación da



revista Pregón son a antesala da celebración, que como é costume dará o pistoletazo de saída co acto do pregón, previsto para o día 23 de marzo.

Dende o Vía Crucis ao Vía Lucis, dende Venres de Dores ata o Domingo de Resurrección, desenvolveranse as 15 procesións previstas, así como os innumerables actos litúrxicos, cuxos actos máis importantes serán de novo o Encontro e o Desencravo, que con figuras articuladas dan unha realidade case que viva que fan que o espectador se manteña en tensión ante estes escenarios.

Que a través deste convenio, outórgase á Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

